

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.<sup>a</sup>,  
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 18.05.2017      Hora: 10:30

A Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 18 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais en comisión**

- 1.1 6502 (10/POC-001132)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as razóns da demora por parte do Goberno galego na aprobación do Plan director do libro anunciado no ano 2013, así como as da baixada do número de libros publicados en galego entre os anos 2010 e 2015, as medidas impulsadas para promover o libro e a edición na comunidade autónoma de acordo co disposto na Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, e o funcionamento e as propostas impulsadas polo Consello Asesor do Libro para mellorar os diferentes subsectores da edición  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
- 1.2 8006 (10/POC-001392)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas incertezas e novidades detectadas pola valedora do pobo nas instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as medidas previstas para resolvelas e as razóns da demora na publicación da normativa autonómica necesaria respecto da estatal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 1.3 8273 (10/POC-001436)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as razóns das modificacións introducidas de xeito unilateral pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos criterios

de acceso ás listas de persoal docente interino por medio da Orde do 17 de abril de 2017

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017*

## **Punto 2. Proposicións non de lei en comisión**

- 2.1 4363 (10/PNC-000407)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co achado dun túnel na muralla romana de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017*
- 2.2 4461 (10/PNC-000425)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar e o ciberacoso, así como a posta en marcha do Plan de convivencia escolar  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017*
- 2.3 6619 (10/PNC-000670)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Barreira, María Julia e 11 máis  
Sobre a realización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a declaración e inclusión do Colexio de Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos, na relación de bens de interese cultural da Xunta de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 2.4 8240 (10/PNC-000864)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a retribución polo Goberno galego dos desprazamentos a outras comarcas que ten que realizar o profesorado que imparte os cursos Celga para levar a cabo o seu labor docente, así como a planificación dos cursos co profesorado necesario  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MIEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

## **Vogais**

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 6502(10/POC-001132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da demora por parte do Goberno galego na aprobación do Plan director do libro anunciado no ano 2013, así como as da baixada do número de libros publicados en galego entre os anos 2010 e 2015, as medidas impulsadas para promover o libro e a edición na comunidade autónoma de acordo co disposto na Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, e o funcionamento e as propostas impulsadas polo Consello Asesor do Libro para mellorar os diferentes subsectores da edición

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

En sesión parlamentaria o Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, anunciou a elaboración dun Plan Director do Libro en abril de 2013. O seu obxectivo era, explicou, establecer “as prioridades para o afianzamento da lectura e do libro como feito cultural e como realidade industrial”.

Neste senso, asegurou que neste mes de abril comezará a posta en marcha do procedemento de traballo para a súa elaboración “coa presenza activa de todos os axentes relevantes, que nos permita acordar consensuadamente as prioridades de actuación para esta lexislatura”, dixo segundo recolle a nota de prensa elaborada e publicada polo gabinete de comunicación da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con data do 3 de abril de 2013.

De acordo cos datos recentemente publicados polo Consello da Cultura Galega (CCG) o descenso editorial no noso país “foi unha constante nos últimos cinco anos”, toda vez que analiza o período comprendido entre 2008 e 2014.

Así pois, fronte ao aumento continuado da edición no conxunto do Estado español, na Galiza diminuíu na faixa temporal investigada o 24,6%.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:47**  
**Nº Rexistro: 6502**  
Data envío: 13/03/2017 12:47:59.255

De facto, entre 2010 e 2015 perdéronse máis de 1.000 títulos en galego pasando de 2.544 a 1.394 entre os que a porcentaxe de libros editados en galego continúa a ser maioritario (61,5%). Principalmente son os libros de texto, a creación literaria e a literatura infantil e xuvenil os subsectores nos que se publican máis libros amosando un grande descenso nas ciencias sociais e humanidades (256 títulos menos entre 2009-2014) e científico-técnicos (apenas 17 en 2014).

Tamén se reduciron as traducións durante eses anos pasando de 616 libros en 2010 a 220 en 2014 o que supón unha redución de case 400 números (396 exactamente).

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que razón non se aprobou o Plan director do libro anunciado en 2013 toda vez que foron iniciados, segundo a Xunta, os traballos para a súa elaboración en abril dese ano?

- Cales son as razóns que explican a caída do número de libros publicados en galego entre 2010 e 2015?

- Que medidas impulsou a Xunta de Galiza até o de agora para promover o libro e a edición no noso país de acordo co disposto na Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galiza?

- Está a funcionar o Consello Asesor do Libro? Cando foi a última xuntanza? Que propostas de actuación impulsou para mellorar os diferentes subsectores da



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:47**  
**Nº Rexistro: 6502**  
Data envío: 13/03/2017 12:47:59.255



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

edición?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 12:46:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 12:46:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 12:46:29**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 12:46:33**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:47**  
**Nº Rexistro: 6502**

Data envío: 13/03/2017 12:47:59.255

**María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 12:46:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 12:46:39**

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 8006(10/POC-001392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas incertezas e novidades detectadas pola valedora do pobo nas instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as medidas previstas para resolvelas e as razóns da demora na publicación da normativa autonómica necesaria respecto da estatal

*Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O pasado 5 de abril de 2017 a valedora do pobo abriu unha investigación de oficio ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que aclare aspectos sobre a futura proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).

Esta actuación de oficio ten a súa orixe na publicación da Resolución conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18 o día 27 de marzo de 2017.

Segundo a propia Institución, esa resolución introduciu elementos que poden estar a vulnerar os dereitos académicos dos estudantes e mesmo cuestionar a seguridade xurídica do proceso.

Por outro lado, subliña as previsións para a exención na materia de Lingua Galega e Literatura nesta proba. A actual resolución limita esta opción aos alumnos exentos no segundo curso de Bacharelato, cando unha orde en vigor (Orde de 24 de marzo de 2011) inclúe aos bachareis que estiveran fóra de Galicia ou exentos nalgún dos dous cursos do Bacharelato.

Ademais tampouco aclara a situación do alumnado que repetiu o segundo curso de Bacharelato, estando matriculado soamente das materias que non superou e outro grupo de alumnos que enfrontan a situación con incerteza está integrado polas persoas que tendo rematado o Bacharelato no curso pasado non se presentaron ou non superaron a selectividade.



**Grupo Parlamentario**

Por último, considera o Valedor do Pobo que a situación que se está a dar ao modificar os parámetros de ponderación das materias avaliáveis ás que se pode presentar o alumnado con carácter voluntario é contraria a principios básicos do ordenamento posto que cunha escasa marxe de dous meses estas ponderacións están aínda pendentes de aprobación polos respectivos consellos de goberno do Sistema Universitario de Galicia.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro, ditada en desenvolvemento do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, que regula as avaliacións finais de secundaria, determínanse as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/17 publicouse no BOE do 23 de decembro de 2016. É dicir, tratándose dun asunto da máxima prioridade para o alumnado de 2º curso de bacharelato, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tardou tres meses en ser quen de publicar a normativa necesaria e, polo que se deduce, con novidades e incertezas como se ten exposto por quen é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no Título I da Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación descrita?

2ª) Ten previsto adoptar algunha medida urxente que resolva as incertezas postas de manifesto pola valedora do pobo?

3ª) Como xustifica que se tardasen tres meses en publicar a normativa autonómica necesaria desde a publicación da normativa estatal?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2017



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/04/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 8006**  
Data envío: 17/04/2017 20:29:01.130



---

 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/04/2017 13:49:58**

---

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/04/2017 13:50:09**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 8273(10/POC-001436)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns das modificacións introducidas de xeito unilateral pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos criterios de acceso ás listas de persoal docente interino por medio da Orde do 17 de abril de 2017

*Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa á orde do 7 de abril de 2017, publicada o 17 de abril, da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez máis vimos de comprobar o menosprezo ao diálogo e á negociación colectiva por parte da Consellería de Educación. Neste caso atopámonos cun cambio unilateral sobre os criterios de acceso ás listas de interinas e interinos incorporando un punto que homologa estes requisitos aos que se aplican para a habilitación no ensino privado. Un punto que non aparecía recollido no Borrador que se negociou na Mesa Sectorial e que os sindicatos denuncian que suporá un grave prexuízo e discriminación para as traballadoras e os traballadores do ensino público en detrimento da privada. As habilitacións no ensino privado están reguladas polo Real Decreto 860/2010 do 2 de xullo e na Orde de 3 de xuño de 2011 e os requisitos son menos restritivos que o eran até o de agora na pública.

Se anteriormente para poder formar parte da lista de profesorado interino e substituto, sen aprobar a primeira proba da oposición, a Consellaría de Educación



esixía estar en posesión dunha titulación concordante. Agora, ao aplicarse os mesmos criterios que para o ensino privado, será suficiente -en función da especialidade á que se opte- ter cursado a titulación dunha rama de coñecemento -non necesariamente concordante- e, ou ben un número de créditos determinados, ou experiencia en centros privados, en función do ano no que a persoa se habilítase.

Un cambio, polo tanto, de grande calado, que nin sequera foi sometido a debate senón coñecido unha vez publicado no DOGA.

Deste xeito, no borrador levado á Mesa Sectorial establecíase:

*"Base vixésimo segunda. Inclusión nas listas de interinos.*

*Accederán ás listas de interinos ou substitutos, ademais daqueles aspirantes que superen a primeira proba, aqueles aspirantes que para cada especialidade posúan unha das titulacións que a continuación se relaciona e que deberán aportar xunto coa solicitude, como se establece na base terceira.2 desta convocatoria."*

Mentres que na Orde do 7 de abril de 2017, publicada o 17 de abril, se recolleu:

*"Base vixésimo cuarta. Inclusión nas listas de interinos*

*Accederán ás listas de interinos ou substitutos da especialidade a que se presenten, ademais daqueles que superen a primeira proba, aqueles aspirantes que para cada especialidade posúan unha das titulacións que a continuación se relacionan.*

*No caso de non superar a primeira proba ou non posuír o requisito de titulación de acordo co establecido no parágrafo anterior, tamén poderán acceder ás listas de interinos e substitutos das especialidades de Lingua Castelá e Literatura,*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/04/2017 09:30  
Nº Rexistro: 8273  
Data envío: 25/04/2017 19:04:56.834



*Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Educación Física e Lingua Galega e Literatura do corpo de profesores de ensino secundario aquelas persoas que estean habilitadas para impartir docencia no ensino privado en Galicia nas materias correspondentes.”*

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cales foron os motivos para modificar os criterios de acceso ás listas de interinas e interinos?

2.ª) Por que non foi debatida a modificación na Mesa Sectorial?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 25/04/2017 18:39:22**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/04/2017 18:39:30**

Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

Día: 18.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei en comisión

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 4363(10/PNC-000407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co achado dun túnel na muralla romana de Lugo

*Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

### Exposición de motivos

A maior evidencia de que a muralla de Lugo necesita dun proxecto serio e amplo de investigación, e o feito de que cada vez que se realiza algún traballo de rehabilitación ou consolidación nela, atópase algo novo e descoñecido.

Así, no mes de xullo, cando se estaban realizando obras de consolidación no cubo VI, atopouse un túnel na muralla, do que parece que se tiñan referencias orais, pero ningunha constatación arqueolóxica.

Polas noticias que a consellería foi dando, parece que a entrada do túnel estaba case tapada por un pozo da rede de saneamento da cidade e que foi parte dun canal de augas residuais. A entrada é angosta pero no interior ten unha altura considerable que permite estar de pé a unha persoa.

Dende o primeiro momento xurdiron diversas teorías, como que podía ser construído para evacuar as augas dunha curtiduría que se situaba no terreo colindante na idade medieval ou moderna, dado que aparece tamén un muro de mampostería xusto enfronte da entrada do túnel que podería formar parte do pilón de dita curtiduría.

Ao parecer fixéronse análises dos restos para ter unha datación clara e, aínda que o principio se cría que era medieval, a conclusión que se deu a coñecer é que era romano, construído polo tanto formando parte xa da muralla dende o inicio o que o fai un achado enormemente interesante e que pode ampliar en gran medida o noso coñecemento sobre este Patrimonio da Humanidade.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pero dende esta noticia da datación dada a coñecer en agosto, nada mais se soubo sobre o túnel nin sobre a actividade da consellería sobre este achado.

Dende logo consideramos que este descubrimento é de grande importancia e que polo tanto ten que ser obxecto dunha ampla investigación arqueolóxica que non só chegue a conclusións sobre as características e utilidade do túnel, senón tamén sobre a propia construción da muralla e que permita á consellería tomar decisións sobre este túnel e sobre como conservalo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar unha investigación exhaustiva sobre a orixe, características e utilidade do túnel descuberto na Muralla de Lugo e a, unha vez coñecidas as conclusións, tomar as medidas e decisións adecuadas para a súa conservación.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 13:33:34**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2017 13:33:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 13:33:49**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 4461(10/PNC-000425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso escolar e o ciberacoso, así como a posta en marcha do Plan de convivencia escolar

*Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.ª**, sobre o acoso escolar e o ciberacoso.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na década dos setenta, algúns investigadores detectan como motivo detonante do suicidio de adolescentes o acoso escolar. É no 1978 cando o psicólogo escandinavo Dan Olweus introduce o termo bullying coma “un auténtico pesadelo” e con pegadas que moitas veces teñen prevalencia mesmo na vida adulta, o que fixo promover políticas de prevención, avaliación e intervención en diferentes estados.

Por outra banda, a definición inclúe tres características; intencionalidade, desequilibrio de poder entre agresor e vítima e a repetición da conduta no tempo. Porén, entendemos por acoso escolar toda agresión física ou psicolóxica dun escolar ou grupo de escolares cara outro/a, frecuente, que se mantén no tempo, e representa un expoñente das malas relacións entre escolares xunto cun desexo perverso de diversión.

Asemade, outro aspecto a destacar do acoso é o seu carácter social, xa que os resultados de estudos sobre este fenómeno apuntan algunhas características socio-afectivas sobre os escolares implicados/as no bullying e indican que



presentan unha posición social desfavorable respecto aos que non están implicados. Este aspecto sinala a necesidade de coñecer as percepcións e actitudes do profesorado, así como a estrutura socio-afectiva do grupo como mecanismo que contribúe a manter a relación agresión-vitimización, sendo a súa análise necesaria para orientar as actuacións preventivas encamiñadas a mellorar a convivencia escolar.

De xeito paralelo ao bullying presencial, asistimos dende hai uns anos á orixe dos cambios na realidade da violencia, dando lugar a novas estruturas de agresión entre iguais como é o caso do ciberacoso o cyberbullying no que se empregan as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), principalmente Internet e o teléfono móbil. Traspasa o espazo e o tempo, facilita o ataque dende o anonimato e nos espazos virtuais, aos que calquera ten acceso. Neste sentido, a falla de control parental, as condutas pouco seguras en Internet, o uso de redes sociais, así como os programas de mensaxería instantánea e a frecuencia do uso de Internet durante a fin de semana, son factores de risco tanto de cibervitimización ocasional como habitual.

Ademais, tanto o bullying como o cyberbullying considéranse factores de risco social e emocional asociado a problemas psicolóxicos, que transcenden a vida escolar, constituíndo un claro antecedente das condutas disociais. Malia todo, as TIC constitúen á súa vez, ferramentas convenientes para intervencións con nenos/as e adolescentes que sufriron este fenómeno, xa que promoven o seu benestar emocional, psicolóxico e social.

Noutra orde de cousas, o Informe Save the Children (2016) recolle que todos os nenos e nenas teñen dereito a ser protexidas de todas as formas de violencia e a posibilitarlles o desenvolvemento de todo o seu potencial de aprendizaxe nun ambiente seguro. No seu estudo elevaba a 9,3% as vítimas do acoso e a 6,9% as de ciberacoso.

A Fundación ANAR nun documento publicado en 2016, demostra o incremento de 272% das chamadas de nenos/as e adolescentes. Ademais alerta de que gran parte das vítimas (o 70%) sofre acoso cotiá.

O contexto normativo español de forma xenérica, establece unha cobertura legal en relación ao acoso en diferentes documentos: A Constitución Española de 1978 e o preámbulo da LOGSE de 1990. No Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, establécense os Dereitos e Deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros educativos e sinálase o carácter educativo e recuperador das sancións. Asemade, a Lei Orgánica de Educación de 2/2006 reconece o importante papel da institución escolar na prevención e loita contra o bullying, e para a educación da non violencia. Tamén se creou o Observatorio da Violencia Escolar, estatal e nas distintas CCAA, e indícase que todos os centros escolares deben elaborar o denominado Plan de Convivencia. Ademais, a lexislación educativa inclúe unha referencia ás vítimas de acoso na LOE, 2006. Malia todo, podemos afirmar que non existe unha lei que regule de forma específica e integral este grave problema.

Necesitamos contar cun marco lexislativo que aborde estas agresións tan actuais como preocupantes, xa que debemos ter respaldo legal e preceptivo que atenda tanto ás consecuencias do fenómeno como aos seus e ás súas protagonistas.

Hai máis dunha década que a nosa Comunidade creou ferramentas normativas e protocolos, para facer fronte ao acoso pero descoñecemos o su alcance real, e o seu axuste ás indicacións propostas polas persoas expertas.

En Galicia temos a Lei 4/2011, de 30 de xuño, o Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro e o Decreto 15/2007 de 19 de abril.

Recóllese o termo de ciberacoso. O carácter das medidas é correctivo/disciplinario para o agresor e de apoio e protección ás vítimas. Existe un Protocolo tipo B.



Necesitamos estratexias que apoiem a intervención do profesorado para que non fiquen expostos á improvisación.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar un novo diagnóstico de acoso escolar e ciberacoso.
- Reelaborar os protocolos e adaptalos á realidade das nosas aulas.
- Elaborar as respostas educativas necesarias que superen o actual modelo de carácter sancionador e disciplinario.
- Elaborar programas preventivos relacionados cos fenómenos de acoso escolar e ciberacoso.
- Poñer en marcha o Plan de Convivencia Escolar.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 02/02/2017 17:44:40**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/02/2017 17:44:52**

**Luis Villares Naveira na data 02/02/2017 17:45:02**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 6619(10/PNC-000670)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 11 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a declaración e inclusión do Colexio de Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos, na relación de bens de interese cultural da Xunta de Galicia

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 09:30  
**Nº Rexistro: 6619**  
Data envío: 14/03/2017 19:24:51.752

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados e das deputadas **María Julia Rodríguez Barreira, Sandra Vázquez Dominguez, María Antón Vilasánchez, María Encarnación Amigo Díaz, César Fernández Gil, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeiras Broz e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de Motivos

A construción do Colexio de Nosa Señora da Antigua de Monforte, iniciouse en maio de 1593, ideada e trazada polo seu fundador, o Cardeal Rodrigo de Castro, quen, sendo Arzobispo de Sevilla, donou á Compañía de Xesús, “para uso da xuventude, templo e colexio consagrados á Virxe María” segundo inscrición pétrea que consta sobre a porta da igrexa.

Trátase dunha das obras arquitectónicas mais fermosas e harmónicas de Galicia. Conta con unha fachada frontal de 109 metros. No seu centro, a portada da igrexa, con dous corpos, que supera en altura á última planta do resto do edificio, co seu característico almohadillado, e as súas pilastras xónicas, que a fan destacar sobre as respectivas alas laterais totalmente simétricas. Destaca o patio principal, as torres da igrexa e a súa gran cúpula, de mais de once metros de diámetro, coronada pola súa erguida linterna con balaustradas, rematada por un cupulín semiesférico, do que emerxe pirámide con bola e veleta, que dotan a igrexa de abundante luz, e dunhas xustas proporcións ao conxunto.

Trátase dun dos mais nobres e logrados edificios de Galicia. Un monumento de extraordinario valor arquitectónico, con elementos destacables como a escaleira principal, e que no seu interior atesoura magníficas obras, como o Retablo da Capela Maior da igrexa, obra do escultor Francisco Moure, o Cristo de Valerio Cioli, ou a estatua orante do Cardeal, de Juan de Bolonia.

Especialmente destacables, son as obras da pinacoteca, na que se poden apreciar tablas orixinais de Andrea del Sarto, dúas obras de El Greco, San Francisco e San Lorenzo; o “Libro das aves de caza” de Pedro López de Ayala,



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 09:30  
Nº Rexistro: 6619  
Data envío: 14/03/2017 19:24:51.752

entre outros valiosos obxectos que se conservan de entre todos os que o Cardeal tiña dotado á súa fundación de Monforte.

Estamos por tanto, ante un monumento e unhas obras de extraordinario valor arquitectónico e artístico, pero especialmente destacables tamén, polo seu valor histórico.

O Colexio do Cardeal, da conta da magnificencia e o esclarecemento dun dos persoeiros mais cultivados do século XVI, un home do Renacemento, decidido a crear un gran centro de ensino, para o *“aproveitamento dos naturais do Reino de Galicia... especialmente dos estados e terras de Lemos”*, no que se ensinaría *“a leer e escribir, e gramática, retórica e artes a todolos nenos e persoas que foran a aprender e oír sin lles pedir nin levar por elo intereses nin outra cousa algunha”*.

Nos atopamos, ante un monumento emblemático, que forma parte do patrimonio non so de todo os monfortinos, senón de todo os galegos; digno da mais alta protección, que é necesario preservar e protexer, como proba visible da nosa historia pasada pero tamén como elemento destacado do noso presente e potencial futuro.

Nembargantes, o Colexio de Nosa Señora da Antiga, non está incluído na relación de Bens de Interese Cultural da Xunta de Galicia. Este importante monumento e as xoias que atesoura, non poden estar á marxe desta relación e da especial protección que a súa declaración como BIC lle proporcionaría.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar os trámites para a declaración e a inclusión do Colexio de Nosa Señora da Antiga, na relación de Bens de Interese Cultural da Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 09:30  
Nº Rexistro: 6619**

Data envío: 14/03/2017 19:24:51.752

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/03/2017 19:20:41**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 14/03/2017 19:20:58**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 14/03/2017 19:21:13**

**María Antón Vilasánchez na data 14/03/2017 19:21:27**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 14/03/2017 19:21:36**

**César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 19:21:46**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 14/03/2017 19:21:52**

**Carlos Gómez Salgado na data 14/03/2017 19:22:33**

**Carlos Enrique López Crespo na data 14/03/2017 19:22:52**

**Antonio Mouriño Villar na data 14/03/2017 19:23:04**

**Raquel Arias Rodríguez na data 14/03/2017 19:23:14**

**Jaime Castiñeira Broz na data 14/03/2017 19:23:27**

**Daniel Vega Pérez na data 14/03/2017 19:24:09**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 8240(10/PNC-000864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a retribución polo Goberno galego dos desprazamentos a outras comarcas que ten que realizar o profesorado que imparte os cursos Celga para levar a cabo o seu labor docente, así como a planificación dos cursos co profesorado necesario

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/04/2017 12:17  
Nº Rexistro: 8240  
Data envío: 25/04/2017 12:17:23.349

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a cancelación dos cursos Celga nos concellos de Monforte, Sarria, Carballiño, Verín e Xinzo de Limia.

Con data 7 de abril de 2017 notificouse desde a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da cancelación dos cursos Celga nos concellos de Monforte, Sarria, Carballiño, Verín e Xinzo de Limia.

As razóns argüídas desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística foron que chamadas as persoas que compoñen as listaxes para impartir estes cursos, como persoal laboral indefinido non fixo, ningunha delas aceptou.

O persoal que conforma o corpo docente dos cursos Celga están contratados a media xornada e apenas traballan por volta de entre dous e catro meses ao ano non séndolles, aliás, retribuídos os desprazamentos cando os cursos se imparten en comarcas diferentes a aquelas nas que viven e/ou desenvolven o seu traballo. Razón, entre outras, polas que algunhas desas persoas renuncian a impartir os cursos.

Iso provocou, tomando como exemplo o Concello de Monforte, que as persoas inscritas (catro delas ficaron en listaxe de agarda por se cubriren todas as prazas) teñan que deslocarse a outras vilas ou cidades do país se queren cursar o Celga 3.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/04/2017 12:17**  
**Nº Rexistro: 8240**  
Data envío: 25/04/2017 12:17:23.349

Por todo o exposto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Retribuír os desprazamentos do profesorado que imparte os Celga e que ten que desprazarse a outras comarcas para levar a cabo o seu labor docente.
2. Planificar unha ordenación dos cursos que permita contar co profesorado suficiente entre outras cuestións non facendo coincidir os cursos en liña cos presenciais o que ampliaría o tempo de contratación do profesorado.”

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/04/2017 12:17**  
**Nº Rexistro: 8240**  
Data envío: 25/04/2017 12:17:23.349

**Olalla Rodil Fernández na data 25/04/2017 11:38:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/04/2017 11:38:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/04/2017 11:38:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/04/2017 11:38:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/04/2017 11:38:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/04/2017 11:38:20**